

O PSOE propón ao Goberno impulsar a Ribeira Sacra como *Patrimonio da Humanidade* nos Orzamentos e aumentar, como mínimo, en 7,8 millóns o investimento nas infraestruturas de Lemos

No primeiro dos casos, a partida ascende a 10 millóns, e beneficia a uns 65.000 habitantes das provincias de Lugo e Ourense. E, no segundo, a maior contía recíbena os estudos para a chegada da Alta Velocidade, a Comisaría de Policía e as autovías que vertebrarán a comarca: A-72, A-56, a A-76 e a N-120 A, que vai a Ferreira de Pantón

Ricardo Varela e Pérez Herraiz presentaron estas emendas porque a Zona Sur merece “un trato xusto”, pois existen datos que así o poñen de relevo: preto de 3.000 persoas están no paro; 1.075 veciños non cobran ningunha prestación por desemprego; dos 11.120 pensionistas, máis de 8.000 cobran menos de 645 euros; 427 veciños viron reducidas as axudas á dependencia nun 15% e 194 teñen recoñecido o dereito, pero non reciben ningunha atención neste eido

Trátase dunha programación de investimentos que, segundo indicaron Tomé Roca e Roberto Castro, permitirían compensar o que “o Goberno esqueceu nestes anos, pois os de 2015, son os Orzamentos peores con que contou Monforte durante toda a etapa democrática”

MONFORTE DE LEMOS, 10 DE NOVEMBRO DE 2014.- A deputada no Congreso –Margarita Pérez Herraiz-, e o senador por Lugo –Ricardo Varela-, informaron este luns ao voceiro do PSOE en Monforte –José Tomé Roca-, e ao coordinador do Partido nesta comarca –Roberto Castro- así como a outros representantes desta formación política na comarca de Lemos, de que o Partido Socialista pediu ao Goberno que inclúa nos Orzamentos do vindeiro ano unha partida de 10 millóns de euros para impulsar a declaración da Ribeira Sacra como *Patrimonio da Humanidade*, así como aumentar en 7,8 millóns de euros, como mínimo, o investimento na mellora das infraestruturas da Zona Sur.

Concretamente, precisaron Varela e Herraiz, é preciso que o Executivo contemple no seu Presuposto investimentos para “a preservación, conservación e compensación deste territorio, formado por 21 concellos de Lugo e Ourense, e nos que residen uns 65.000 habitantes, para que se convirta nun punto atractivo turístico do mapa de España”. E é que esta Zona, apuntou o coordinador comarcal, “poder ser un nicho de emprego emerxente, polo que é imprescindible que, a esta iniciativa que liderou a Deputación de Lugo, tamén se sumen a Xunta e o Estado”.

Asimesmo, a deputada no Congreso especificou que, ademais, son unhas emendas que están motivadas pola importante baixa rexistrada na execución das partidas do Ministerio de Fomento, pois só a aportación de ADIF o vindeiro ano será un 25% menos do que a administración central propuxera en 2014. Neste senso, as propostas están dirixidas a favorecer a chegada do Tren de Alta Velocidade a esta comarca, así como á mellora de comunicacións viarias, “que son imprescindibles para vertebrar este territorio co resto de provincias e Comunidades limítrofes, pois non podemos esquecer que esta é unha das principais comarcas de Lugo, xa que supera os 32.300 habitantes, é dicir, o 9,3% da poboación da provincia”.

A distribución orzamentaria das propostas presentadas polos socialistas tanto no Congreso como no Senado, e que benefician directamente á Zona Sur, son as seguintes:

- Estudos para LAV Ponferrada-Monforte: 250.000 euros

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

www.psoeprovincialdelugo.com

www.facebook.com/psoeprovinciallugo

www.twitter.com/PsoeLugo

- Estudos para LAV Ourense-Lugo: 2.000.000 euros
- A-72 (Lemos-Chantada): 1.000.000 euros
- A-56 (Lugo-Ourense /enlace en A Barrela): 1.500.000 euros
- A-76 (provincia de Lugo): 500.000 euros
- Comisaría de Policía de Monforte: 500.000 euros
- Ronda urbana, antiga N-120, en Monforte de Lemos: 500.000 euros
- Ponte Nova Aceña sobre o río Cabe (Monforte de Lemos), que permitirían desconxestionar ambas as dúas marxes do río: 500.000 euros
- N-120 A., de Castro de Ferreira de Pantón ao límite do municipio monfortino (ensanche e mellora): 1.000.000 euros

Asimesmo, na proposta presentada, os socialistas incluiron outras partidas xenéricas para a provincia, pero que tamén benefician a esta comarca, pois permiten “o seu desenvolvemento ferroviario, evitan que a Zona quede excluída da Alta Velocidade e garanten a seguridade dos cidadáns”. Son as seguintes: 3 millóns para o plan de supresión de pasos a nivel; 1.150.000 euros para o impulso do transporte de mercadorías por ferrocarril; 2,5 millóns para a conservación, seguridade e explotación da rede viaria da provincia; 2 millóns para a variante do AVE de Pobra de San Xillao (Láncara); e 500.000 euros para outras actuacións de saneamento e depuración.

Trátase, pois, dunha programación de investimentos que, segundo indicou José Tomé Roca, permitirían compensar “o que o Goberno esqueceu nestes anos, pois os de 2015, son os Orzamentos peores con que contou Monforte durante toda a etapa democrática”. A este respecto, tanto o voceiro do PSOE neste municipio como Roberto Castro loubaron as propostas presentadas por Varela e Pérez Herraiz, xa que, “ademais contribuirán a recuperar a actividade económica que tiña esta comarca”.

Motivación das emendas

Os socialistas presentaron estas emendas porque cremos que a Zona Sur merece “un trato xusto” por parte do Executivo estatal, pois existen datos que así o poñen de relevo. **En primeiro lugar, porque o paro rexistrado neste municipio xa se aproxima ás 3.000 persoas.** Neste caso, pediron que se incluíse unha partida de 1.000 millóns de euros para toda Galicia, e da que tamén se beneficiaría Monforte.

En segundo lugar, porque este municipio conta con 1.075 veciños que non cobran ningunha prestación, pero, ademais, “os poucos que a reciben cada vez é menor, debido a que se reduce moito máis a partida para estas axudas que o número de perceptores”. Proba delo, aseguran os socialistas, é que o vindeiro ano o orzamento para estas prestacións se reduce en 4.500 millóns, un 15% menos que en 2014.

En terceiro lugar, porque o Goberno ingresa moito máis polo que pagan os pensionistas polas súas medicinas do que incrementa as pensións. Lemos conta con aproximadamente uns 11.120 xubilados, dos que máis de 8.120 cobran menos de 645 euros. Por elo, destacan, “presentamos emendas para que todas estas pensións teñan un incremento do 2% e o resto do 1%”.

En cuarto lugar, porque o orzamento para atención á dependencia ten un incremento de tan só o 0,04%, e iso a pesares de que segundo os datos do Ministerio 427 veciños de Lemos viron reducidas estas axudas nun 15% e 194 teñen recoñecido o dereito, pero non reciben ningunha

atención “e dependen de que morran outros dependentes para poder acceder ao sistema”, afirmou Herraiz.

Neste caso, ademais de solicitar máis orzamento para dependencia, tamén presentaron unha emenda para que se consideren ampliáveis os créditos destinados a este fin, é dicir, “xa que a atención neste eido, en teoría está definida como un dereito, o exercicio deste non pode ter límite presupostario e, se este se acaba, habería que habilitar unha ampliación orzamentaria”, sinalou a deputada.